

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA
E URXENTE DO 06 DE XUÑO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00017242L.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. DEPORTES. Referencia: 2023/00014512A

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Atletismo, ano 2023.

Tómase coñecemento da sinatura, 5 de xuño de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO para o ano 2023

3. DEPORTES. Referencia: 2023/00014519X.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Española de Luchas Olímpicas y D.A., ano 2023.

Tómase coñecemento da sinatura, o 5 de xuño de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y D.A. para o ano 2023

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00057043B.

Resolución de adjudicación do contrato “Servizo para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos e drenaxes nos viarios e espazos públicos municipais do medio rural do termo municipal de Santiago de Compostela (2023-2025)”

Acórdase adjudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o *Servizo para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos e drenaxes nos viarios e espazos públicos municipais do medio rural do termo municipal de Santiago de Compostela (2023-2025)* a OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L, que ofrece unha porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios establecidos no PPT de 15%.

Desígnase, de acordo coa cláusula 19 do PCAP, como responsable do contrato ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do departamento de Medio Rural.

Acórdase tamén comprometer un gasto por importe de 1.000.000,00 €, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 2120000, coa seguinte desagregación anual:

Anualidade	Importe
2023	423.287,67 €
2024	500.000,00 €
2025	76.712,33 €

O crédito das anualidades futuras queda condicionado á efectiva consolidación dos recursos nos exercicios orzamentarios correspondentes, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90